Sofía ies Casanova

PLANETA LINGUA Nº16

SOFIA CASANOVA : OS PRIMEIROS 50 ANOS

Revista promovida polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

IES SOFÍA CASANOVA. CURSO 2014-2015

PAX.3

TAL COMO ERAMOS.

ALGUNHAS LEMBRANZAS DE FERROL.

PAX. 9

OS PRIMEIROS 50 ANOS. A VIDA ACADÉMICA DO INSTITUTO

PAX. 21

QUEN ERA SOFIA CASANOVA?

BREVE BIOGRAFÍA.

PAX. 27

TESTEMUÑAS: EU ESTUDEI NO SOFÍA

Mª XOSÉ RODRÍGUEZ E ANXELA LOUREIRO

PAX. 31

ACTOS CONMEMORATIVOS.

XUÑO 2014-XANEIRO 2015

PAX. 35

PRESENTE E FUTURO DO SOFÍA CASANOVA.

SOFIA CASANOVA: PRESENTE .

525 ALUMNOS, 60 PROFESORES, 38 NACIONALIDADES

E F UTURO

QUE FILLOS QUEREMOS DEIXAR AO FUTURO?

OS NOSOS FILLOS DEBEN SER FORTES PARA ACADAR OS SEUS SOÑOS E UM POUCO NENOS PARA MANTER A ILUSIÓN, A IMAXINACIÓN E A CREATIVIDADE.

DEBERÁN SER SOLIDARIOS,RESPECTUOSOS E RESPONSABLES COAS PERSOAS E O MUNDO NO QUE VIVEN.

DEBERÁN SER CRÍTICOS: NIN CONFORMISTAS NIN CRÉDULOS.

A SÚA CONFIANZA DEBERÁ SER FROITO DA SÚA FORMACIÓN E AS SÚAS METAS FROITO DO ESFORZO.

DEBERÁN CONSTRUIR UNHA SOCIEDADE COAS MESMAS OPORTUNIDADES PARA TODOS.UNHA SOCIEDADE NA QUE TODOS TEÑAN DEREITO AO BÁSICO,PORQUE QUERO QUE OS MEUS FILLOS SEXAN LIBRES.

COMO DICÍA MEU PAI, E ASÍ O CREO, QUEN NON TEN QUE LEVAR Á BOCA NON TEN LIBERDADE.

ACHEGA DA ANPA DO IES SOFÍA CASANOVA.

As novas xeracións seredes as donas do futuro, as que definiredes as pautas da sociedade neste século XXI que está a comezar. Como educador, desexo que poidades evitar reproducir erros dos que en maior ou menor medida pecaron unhas ou outras xeracións pasadas, que non perdades aquilo que estas conseguiron con moito esforzo e que saibades enfrontarvos ós retos que o mundo vos ten preparados.

Que a tolerancia e o respecto sexan valores básicos no seu sentido máis amplo. Que todos coñezades o significado da palabra empatía. Que entendades que a violencia é unha mostra de debilidade e non de valentía. Que teñades sentido crítico, esperanza e vitalidade e non caiades no conformismo, a resignación e o ostracismo. Que non perdades a conciencia social, que non vos esquezades do difíciles que resultaron as conquistas dos dereitos básicos das persoas. Que valoredes o ensino e o coñecemento no seu sentido máis puro, fóra de visións utilitaristas. Que saibades traballar en equipo. Que teñades en conta que o diñeiro e os bens materiais son para servir ó ser humano e non á inversa; que o consumismo non domine as vosas vidas.

ALBERTO FUENTES, ACTUAL XEFE DE ESTUDOS.

Charo Martínez, biógrafa de Sofía Casanova, coas dos exdirectores, **hoxendía afamados investigadores**, Ana Romero e Guillermo Llorca e coa actuación do grupo Raparigos e o noso exdirector Juan Silvar entre os seus compoñentes.

Destes xa ben pasados 50 anos da súa historia, e desde que se creou no curso 63-64, non podemos deixar de mencionar:

- Que as primeiras clases foron impartidas no instituto Concepción Arenal, primeiro en aulas específicas femininas, despois nunha construción anexa até que, en xaneiro do 67, foi inaugurado o actual edificio ubicado no barrio do Pilar.
- O compromiso coas loitas obreiras e coa transición democrática que, inevitablemente, e entre outras consecuencias, derivou nun **cambio de nome**: de Instituto Feminino Camilo Alonso Vega a Sofía Casanova e na súa **transformación en centro de ensino mixto.**A implicación maioritaria do profesorado para convertelo nun dos centros pioneiros na Reforma Experimental de Renovación Pedagóxica de finais dos 80 e comezos dos 90.
- Os avatares derivados das sucesivas reformas educativas dos últimos anos e do proceso de adscrición do profesorado.
- A integración, sen fisuras, da educación secundaria e do bacharelato do instituto Ferrolterra.
- Ou, a día de hoxe, a **implicación maioritaria** do profesorado en **plans de formación e innovación** que, sen dúbida, unha vez máis, marcarán **avances na mellora da calidade do ensino no noso centro**.s son as importantes mencións que omitimos nesta mínima reseña histórica do instituto Sofía Casanova, pero si podemos dicir —e este agasallo será en adiante un dos seus máis valiosos incentivos— que, común ás referencias ditas e ás caladas, é a arela decidida e constante do equipo docente e dos restantes membros da súa comunidade escolar por ofrecer á cidadanía de Ferrolterra un ensino público de calidade e por tentar responder con profesionalidade, entusiasmo e traballo esixente, ao bo creto que hoxe lle recoñece a cidade de Ferrol.Grazas.

Ferrol, 7 de xaneiro de 2015

A directora

Laura Suárez Llano

TAL COMO ÉRAMOS

Ferrol nos anos 60 tiña unha poboación de 74.799 habitantes, chegou a superar esa cifra ata chegar case aos 100.000, pero hoxe o número de habitantes está por debaixo dos 74.000.

A historia de Ferrol está totalmente ligada aos estaleiros e á construción naval. A creación dos arsenais de Ferrol data dos primeiros anos do século XVIII, o que fixo que Ferrol pásase de ser un pequeno pobo irrelevante, a unha das cidades máis importantes de Galicia.

En 1947 os estaleiros chamados " a naval" pasaron a pertencer ao INI (instituto nacional de industria. Ata 1960 construíronse nestes estaleiros unidades menores: buques lixeiros, remolcadores, gabarras…os anos 60-70 foron os máis importantes na construción naval en Ferrol. A ría contaba cos estaleiros de Bazán e Astano, neles construíronse os buques e petroleiros de maior tamaño ata aquel momento.

FOTOGRAFÍAS DA BOTADURA DO PETROLEIRO ARTEAGA EN 1972.

Estamos nunha época de expansión económica, na que se vai consolidando unha clase media urbana. Este grupo social ten cada vez máis conciencia dos seus dereitos e está máis comprometido cos cambios sociais. Tal vez como resultado desa mellora económica da clase obreira, foi posible a un maior acceso á educación e a progresiva incorporación da clase media á universidade a finais dos anos setenta. Os estudos universitarios ata aquela estaban reservados a unha minoría privilexiada. Os enormes cambios vividos nestes anos afectaron tamén á muller a ao seu novo papel na sociedade. Este pasaba pola incorporación desta ao mundo laboral e aos estudos superiores. Neste contexto foi posible a creación do primeiro instituto feminino da cidade, que en competencia con centros relixiosos, abriu novas oportunidades á muller.antes destas datas, as mulleres facían na súa maioría estudos primarios e logo aprendían algún oficio ou ben casaban. Antes do "sofía casanova" as rapazas que querían estudar o bacharelato debían acudir a unhas aulas habilitadas no edificio do antigo goberno militar, situado no cantón, que antes fora cárcere e na actualidade é a sé da fundación Abanca.

Os 70 foron tamén anos de fortes reivindicacións políticas: de demanda de liberdades, de organización de sindicatos….enormes cambios sociais que en Ferrol tiveron tintes tráxicos, tal como sucedeu en marzo de 1972, nunhas datas inesquecibles para todos os que as vivimos.

A crise do sector naval, a chamada “reconversión naval”, comezou nos anos 80. Foron anos de constantes manifestacións en defensa do sector naval, vital nunha cidade como Ferrol, totalmente dependente deste sector. A reestruturación dos estaleiros e as limitacións derivadas da entrada no “mercado común” acarrearon unha redución importante de postos de traballo e unha desvitalización xeral da cidade e bisbarra, de todo “ferrolterra”.

A perda de postos de traballo no sector naval, xunto coas reivindicacións cidadás,son unha constante na vida de Ferrol desde aqueles anos. Esta crise a penas puido virse paliada coa construcións de portaavións e fragatas de tecnoloxía punta, fabricados nos estaleiros denominados agora “Navantia”.

as diversións dos rapaces daquel tempo eran bastante diferentes ás de agora, podía xogarse moito máis nas rúas e prazas,como a praza de armas, en amboaxe , no cantón, no parque municipal…aí se xuntaban os rapaces daquel tempo para xogar e tomar a merenda , logo de saír das clases que duraban ata as seis da tarde.

O Sofía Casanova, "Ferrolán do Ano 2014"

O IES Sofía Casanova foi distinguido co premio "Ferrolán do ano" , distinción que comparte cos colexios Recimil, Manuel Masdías, San Xoán de Filgueira e Compañía de María. A corporación municipal ó conceder o premio destaca o Sofía Casanova como «exemplo de esforzo e dedicación na formación de tantas xeracións de ferroláns».

A entrega de premios tivo lugar o 7 de xaneiro, ás 12:30, nun acto que o concello celebrou no teatro Jofre, coincidindo coa festividade de San Xiao. Ese programa de actos comenzou ás 11:00 da mañá,cunha misa na concatedral de San Xiao en honra do patrón de Ferrol.Ás 12:00, no Teatro Jofre, a Corporación Municipal de Ferrol recibiu á Corporación Municipal de Lugo, ós directores e directoras da Compañía de María, IES Sofía Casanova, CEIP Recimil, CEIP Masdías, CEIP San Xoán, así como ós representantes do Club de Prensa, Escola de Hostelería da Armada e Colexio de Arquitectos-Delegación de Ferrol.

DISCURSO DE AGRADECEMENTO

Sres. alcaldes de Ferrol e Lugo, Presidente da Deputación da Coruña, 1º Tenente Alcalde de Lugo, Compañeiros e compañeiras de entidades homenaxeadas, Corporacións municipais de Lugo e Ferrol, autoridades, señoras e señores:



A nosa comunidade educativa quere dar encarecidamente as grazas **ao noso antigo alumno**, o Sr. alcalde, José Manuel Rey Varela, e a toda a Corporación do Concello de Ferrol, pola concesión da distinción de Ferrolán do Ano 2014 ao instituto Sofía Casanova, para nós, un broche de ouro aos recén celebrados 50 anos de intensa e hoxe recompensada andadura.

Un quincuaxésimo aniversario que nos permitiu disfrutar durante todo o curso pasado de actividades de biblioteca, de departamento, de Entroido, cun grupo de cámara integrado por alumnas do instituto, cunha curta documental elaborada por alumnado e profesorado do noso centro coa colaboración da produtora Gaitafilmes , coa conferencia da antiga profesora

ACTOS DE CELEBRACIÓN DOS 50 ANOS DO SOFÍA CASANOVA: XUÑO 2014

O xoves 19 de xuño, tivo lugar no noso Centro o acto central da celebración do 50 aniversario do IES Sofía Casanova.

O acto foi presentado por Álvaro Gutiérrez, alumno do centro, e contou coa participación do grupo de cámara formado por Andrea Trillo, Inés Amarelo, Sabela Huges e Carolina Rosario, que interpretaron "Divertimento" de Haydn. Laura Suárez, directora do centro, abriu as intervencións e, a continuación, Mari Carmen Díaz, presidenta da Ampa, o Alcalde de Ferrol, José Manuel Rey, que lembrou a súa estancia como estudiante no instituto, e o Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García, expuxeron diversos aspectos do pasado do instituto e os seus desexos para o futuro, así como os parabéns para toda a comunidades educativa. A lección maxistral estivo a cargo de Ana Romero Masiá, exdirectora do centro, presentada por Ángeles Doce; o título "De Camilo a Sofía" xá anticipaba a que sería unha amena reflexión sobre a historia do Sofía a través das experiencias compartidas. A proxeción dun documental, realizado por alumnos e alumnas, co apoio do profesorado e de Gaitafilms, e a actuación do grupo Raparigos, que conta entre os seis compoñentes con Juan Silvar, ex director do instituto, pecharon este entrañable acto.

Os nenos daquel tempo tamén gustaban de ir en verán á praia. Había que coller o autobús ou o tren, porque aínda poucas familias tiñan coche de seu. A nosa praia favorita -porque estaba moi preto, practicamente no peirao de Ferrol, era a praia de Copacabana. Esa praia urbana desapareceu.posteriormente fixéronse as de A Graña e Caranza.



COPACABANA



Tamén gustabamos de ir ao cine, porque naqueles anos en Ferrol había moitos cines, recordo o Madrid-Paris, o Avenida, o Rena, o Callao, o Cinema, o Capitol…

TEATRO RENA(RÚA DO SOL)

Naqueles anos 60-70 había aínda poucos coches circulando polas rúas ou,polo menos , non tantos como agora. Empregábase moito máis os buses e mesmo ata cerca dos anos 60, por Ferrol circulaba o tranvía.

As viaxes non eran tan frecuentes como agora e desde logo moito máis longas. Recordo a liña de autobuses “el ideal gallego”que aparcaban na praza de España e “os cedeireses” e o “Ramón y Suárez”, que ía por covas. Daquela aínda non había estación de autobuses. O que si funcionaban eran as lanchas, nas que moitos traballadores e estudantes “da outra banda” (Mugardos, o Seixo, Cervás…) viñan a Ferrol.

un avance importante nos transportes foi “ a ponte das pías”, que acurtaba en bastantes quilómetros as comunicacións de Ferrol cos municipios da outra banda da ría. Pero o gran avance foi a chegada a Ferrol da “autopista do atlántico”.en relación coas pontes e cos transportes, todos os ferroláns recordarán a madrugada de comezos de 1998, na que un buque do estaleiro “Astano” – o discoverer enterprise- soltou amarras e foi chocar contra a ponte das pías, rompendo varios metros deste. As comunicacións de Ferrol quedaron colapsadas e destacaron a urxencia da chegada a Ferrol da “autopista do atlántico”.

FOTOS DO DISCOVERER ENTERPRISE

Con relación á estrutura xeral de da cidade de Ferrol ,os anos 60-70 foron anos dunha importante transformación: foi demolida a práctica totalidade do barrio de esteiro e construído un novo barrio moi moderno : o barrio de Caranza, que chegou a contar con 30.000 habitantes. Nos límites do antigo esteiro e o barrio de Recimil –“as casas baratas” – construíse o edificio do actual instituto “sofía casanova”. Daquela a zona do instituto era practicamente un descampado: non contaba con alumeado, estaba sen pavimentar, sen urbanizar…a posterior construción do novo barrio de esteiro modificou o contorno do instituto e o edificio quedou integrado no novo barrio de esteiro, lindando con xardíns e o próximo “parque de tormentas”.

os novos tempos e as novas necesidades fixeron aparecer novas infraestruturas, así como a desaparición e a tranformación doutras. A necesidade de carbón para a central das pontes , de gas para Reganosa e de madeira para “Ence” fixo necesaria a construción dun porto exterior, que dispón da maior terminal de contedores de Galicia. A construción da Regasificadora de Reganosa na ría de Ferrol foi seguida de enormes controversias e mobilizacións cidadás.

Unha consigna que partía da universidade era “as forzas da cultura coas forzas do traballo” por iso o 10 de marzo de 1974 un grupo de alumnas achegámonos ao lugar onde morreran os traballadores e depositamos flores vermellas. Foi a primeira vez que se lles facía unha ofrenda naquel lugar. Hoxe en día alí hai unha escultura e cada ano se conmemora a data.

Sobre todo foi a partir do ano 1975 cando se intensificaron os actos reivindicativos. O 20 de febreiro de 1975 organizouse unha xuntanza no Instituto Masculino pero cando chegamos aos arredores, alí había un grupo de estudantes de extrema dereita que nos agrediron con cadeas e porras. Pertencían aos Guerrilleros de Cristo Rey e chamábanos “demócratas” a modo de insulto. Durante moito tempo recibíamos chamadas telefónicas con ameazas de morte pero a pesar de todo realizouse unha denuncia e saíron condenados anos despois.

Este acontecemento tivo un desenlace inesperado. En lugar de sancionar aos alumnos do instituto masculino, como agresores, houbo unha sanción a dúas alumnas do centro. A Marta Díaz Painceiras e a min. A sanción foi a perda de escolaridade durante corenta días por alteracións da orde académica. A inxusta medida trouxo moitas mobilizacións no instituto, durante moitos días as alumnas sentábanse na entrada e non acudían a clase.

As actividades culturais que organizabamos tamén espertaran moito interese en Ferrol. O que foi máis comentado na prensa fora a actuación do grupo de teatro TEI, xa moi recoñecido en toda España e dirixido por José Carlos Plaza (director do Centro Dramático Nacional na década dos 90). Estiveron en dúas ocasións, primeiro coa obra “Cándido” de Moliere e “Terror y Miseria do III Reich de Bertol Brecht.

Sen dúbida houbo moitos máis acontecementos importantes protagonizados polas alumnas daquel incipiente movemento estudantil. Sei que houbo moita loita ata conseguir que a lingua galega se puidese utilizar con normalidade pero xa foi despois de que eu deixei o centro.

Volvendo a vista atrás decátome do acerto das nosas reivindicacións e alédome dos moitos cambios que se foron producindo no ensino. Moitas daquelas estudantes hoxe son profesoras e, estou segura, de que exercen con profesionalidade lembrando moi ben aquelas inquedanzas.

A pesar dos moitos avances aínda queda camiño por percorrer.

MOVEMENTO ESTUDANTIL.

Reincorporeime en terceiro, xa con 16 anos, tendo que compatibilizar os estudos co traballo. Era 1972 e Ferrol vivira ese ano o peor acontecemento dos últimos tempos. O 10 de marzo, durante unha manifestación, a policía disparara aos traballadores matando a dous e deixando numerosos feridos. Hoxe en día celébrase esa data como o Día da Clase Obreira Galega pero naquel momento non se podían mencionar eses sucesos sen ser considerados inimigos do réxime. Había unha ditadura e moita xente estaba no cárcere por pedir liberdade e democracia.

A maioría das alumnas do Instituto non eran conscientes desta realidade pero había unhas cantas que queriamos poñer o noso grao de area nesa loita. Falabamos durante o recreo, comentabamos a situación política e quedabamos, ás veces, cun grupo de alumnos do Instituto Concepción Arenal que tiñan as mesmas inquedanzas. No curso 73-74 xa nos empezamos a organizar en pequenos comités para elaborar as nosas reivindicacións estudantís. Eramos un grupo reducido pero pertencentes a diferentes partidos políticos todos ilegais (XX.CC, MC, ORT, LIGA, ERGA). As nosas peticións eran moi específicas e quizais hoxe poden resultar moi simples pero loitar por elas naquel tempo nos podía custar un expediente. A primeira vez que lle levamos unha carta coas nosas reivindicación ao equipo directivo solicitabamos o seguinte:

- Ter representación nas xuntas de avaliación
- Realizar asembleas durante os recreos
- Máis fotocopias e menos apuntes
- Uso do idioma galego (totalmente prohibido)
- Actos culturais (teatro, cine, debates)
- Institutos mixtos.

Sobre una sentada en el I.N.E.M. Femenino de El Ferrol 27-02-1975

Carta remitida por un grupo de alumnas

EL FERROL.— (De nuestra Delegación).

En la tarde de ayer, un grupo de alumnas del I.N.E.M. femenino de nuestra ciudad, nos han entregado la siguente nota con ruego de publicación, y en relación con los hechos ocurridos en el citado centro ltos días 25 y ayer, 26.

«Los días 25 y 26 del presente mes y durante la mañana, numerosas alumnas del I.N.E.M. femenino «Camilo Alonso Vega», han realizado una sentada pacífica y silenciosa en señal de protesta porque:

1.— Hace tiempo se mandó una carta al director de este centro exponiéndole los problemas que existían y pidiendo se diera solución a ellos. Contrariamente a nuestros deseos dichos problemas siguen ahí, con una clara indiferencia por parte de la dirección.

2.— En la mañana del día 20, alumnas de este Instituto fueron atacadas violentamente con cadenas, porras y barras de hierro puntiagudas, por «Los guerrilleros de Cristo Rey» y en ningún momento la dirección del centro mostró preocupación, no sólo por el estado de salud de las agredidas, sino tampoco por las amenazas que han recibido, cuando todo el mundo sabe que en cualquier momento corremos el riesgo de ser nuevamente atacadas.

3.— El principal motivo sobre todo, es mostrar total desacuerdo tnte la expulsión hasta el día 3 de abril de las alumnas Marta Díaz Painceira y Angela Loureiro Fernández acusadas sin fundamento de alteración del orden académico.

Pedimos que se suspenda la sanción impuesta a estas alumnas. Que se realicen las gestiones necesarias para que escenas de tan violenta índole ya mencionadas anteriormente no vuelva a repetirse. Teniendo en cuenta, que los nombres de los agresores están ya en la Comisaría de Policía, suponemos puede ser posible.

Que los problemas de nuestro Instituto sean resueltos lo antes posible.



Por la sanción impuesta a dos alumnas 28-02-1975

AYER NUEVA «SENTADA» EN EL «INEM» FEMENINO DE EL FERROL

EL FERROL.—(De nuestra Delegación).

En la mañana de ayer, volvió a registrarse una nueva «sentada» en el hall de entrada del Instituto de Enseñanza Media Femenino de El Ferrol. Tal postura estuvo adoptada por numeroso grupo de alumnas de diversos cursos y obedece a un acto de protesta ante la sanción impuesta a las alumnas Marta Díaz Painceira y Angela Loureiro Fernández, acusadas por la dirección del centro de alterar el orden académico. La sanción impuesta a las dos estudiantes es la suspensión de toda actividad académica hasta el próximo día 3 de abril.

A antiga praza de abastos de Ferrol foi demolida e construído un moderno edificio.

ACCESOS AO PORTO EXTERIOR

ANTIGA PRAZA DE ABASTOS

Tamén foi derruído o antigo campo de fútbol do Rácing no inferniño e construído un novo campo en A Malata. Remodelouse a zona do antigo estadio, dotándoa de xardíns, fontes, columpios….na enseada de Caranza construise un auditorio.

ANTIGO CAMPO DE FÚTBOL

AUDITORIO DE CARANZA

Pero unha das transformacións máis prolongadas e custosas de Ferrol foi a remodelación da Praza de España. Debemos remontarnos á antiga porta nova, auténtica porta da cidade na que se cobraba un imposto a aqueles que viñan vender os seus produtos a Ferrol. No ano 2000 inaugurouse unha réplica da antiga porta de Ferrol.

A evolución política e social de Ferrol tivo o seu reflexo na Praza de España. Nos anos 60 colocouse no seu centro a estatua do ditador franco e no verán do 2002 retirouse esa estatua e procedeuse a unha remodelación. Eliminouse o tráfico en superficie , que se desviou por túneles subterráneos, ao tempo que se construía un garaxe de varios andares. A superficie da praza pasou por numerosos cambios ata o estado actual, que parece xa o definitivo..

Estas son unhas breves lembranzas para contextualizar a historia do noso instituto. O seu devir discorre inseparable da situación social e económica da nosa cidade.

A INAUGURACIÓN.

Iniciamos o curso no edificio do IES Concepción Arenal. Sabiamos que era unha situación provisional e que en pouco tempo nos marchariamos a un novo centro. Ese era o argumento que nos axudaba a soportar as incomodidades de ter que recibir clases no salón de actos. Con dez anos eramos as alumnas máis xoves e cursabamos o nivel que popularmente chamabamos “A prepa” e que en realidade era a Preparatoria. Por problemas de saturación acomodárannos alí, no medio de centos de butacas, sen mesas nin encerado pero cun enorme escenario oculto tras as longas cortiñas. Dona Socorrito, a nosa mestra, esforzábase en aprendernos as catro regras, a gramática, algo de xeografía e historia tendo que improvisar ante a adversidade. Nós, as corenta e dúas alumnas, procurabamos encaixar a letra pola dobre pauta facendo equilibrios cos cadernos que sostiñamos sobre os xeonllos.

O día que descorreu as cortiñas e apareceu o escenario foi todo un descubrimento que quedou na miña memoria para sempre. Con moi bo criterio, a profesora aproveitou aquel lugar para ter un momento de lecer e cada día subiamos sobre aquela enorme tarima e cantabamos harmoniosamente as panxoliñas baixo a súa dirección. Un día chegou outra profesora cun magnetófono e actuamos para aquela máquina sentíndonos as mellores artistas do mundo.

Á volta das vacacións de Nadal inauguramos o novo centro chamado Camilo Alonso Vega aínda que para nós sería o instituto feminino. O cambio foi impresionante, todo era grande, novo, limpo, ordenado e moderno. Instaláronos no baixo, na aula que hoxe é 1ºA a carón dunha cociña onde as alumnas maiores daban clases de alimentación. Tiñamos mesas, cadeiras, encerado, xiz, tarima coa mesa da mestra e, sobre todo, moita luz que entraba a través de grandes ventanais.

Usábamos un mandilón branco como se pode apreciar na foto que sacamos ao finalizar o curso diante da igrexa do Pilar.

O patio era un campo moi grande que chegaba case ata a actual avenida de Esteiro onde podiamos xogar ao brilé. Nas zonas de terra marcabamos os cadros para a chapa ou saltabamos á corda ou á goma. Cando chovía metiámonos nos patios cubertos que había a carón do edificio. Se non podiamos saír ao recreo xogabamos aos alfinetes, sobre o chan ou nas mesas de clase. Outra das nosas afeccións era a de xuntar cromos e trocalos ao chegar a clase. Levabámolos nunhas cartucheiras de papel, por unha cara metiamos os repetidos e noutra os da colección.

Lembro moito un fermoso costume que había por aqueles tempos: o día do libro sempre había uns agasallos para as alumnas máis destacadas. Aínda que eu non era das mellores alumnas, aquel ano, dona Socorrito considerou que un dos libros ía ser para min. Cando me nomeou e me entregou o libro de “Mujercitas” fun a nena máis feliz do mundo. Durante anos lin e relín as vidas daquelas adolescentes, admirando

Pero naqueles tempos o ensino non era obrigatorio e, as nenas de familias numerosas como a miña eramos as primeiras en abandonar. Ao finalizar o segundo de bacharelato, con 13 anos, comecei a traballar como dependenta de comercio.

-Que diferenzas encontras entre aquelas mulleres e as de agora?

Enormísimas.Antes estudar supuña un sacrificio moi grande para as nenas e para os país Empezaban moi pequenas, con só 10 anos, viñan a Ferrol desde lonxe, sen bos medios de desprazamento, botaban aquí todo o dia, non volvían ata a noite, isto aos seus pais resultáballes caro, económica e afectivamente.

-Tamén deben ser enormes as diferenzas nas relacións alumno-profesor, así como en métodos de ensino.Segundo ti, a evolución da educación foi boa?

-Si, por suposto, polo menos agora estudan todos. O acceso á universidade permitiu desenvolver unha vocación, que inicialmente non existía, porque eramos aínda moi novas.Foi tamén na universidade onde tomamos conciencia de que eramos en certa medida pioneiras, que estabamos iniciando cambios.

-Os estudos e a universidade proporcionaron, ademais de coñecementos, outra forma de ver a vida…?

-Si, tal vez o máis importante é que adquirimos unha forma de ver a vida, a independencia económica e tamén unha independencia persoal.

-A crise económica que estamos pasando pode afectar a situación da muller na sociedade?

Tal vez agora coa crise, pode ser que a muller perda logros adquiridos, que os país ante as dificultades económicas prefiran que sexa o neno quen estude que a muller deixe os estudos para poder axudar na casa.

Dou as grazas a María José polas súas reflexións e penso que lle debemos aos nosos pais o esforzo por darnos uns estudos e por ser conscientes de que os estudos podían proporcionarnos unha riqueza persoal e unha calidade de vida, da que eles careceron.

AS MIÑAS LEMBRANZAS NO INSTITUTO

Por Ánxela Loureiro Fernández

Fun alumna deste instituto en dúas quendas diferentes. Na primeira inaugurei o edificio actual e cursei preparatoria, primeiro e segundo de bacharelato. Na segunda incorporeime en terceiro e cursei ata sexto. Entre unha e outra época pasaron tres anos nos que traballei como dependenta de comercio.

1963: BOTA A ANDAR O "Instituto Feminino"EN AULAS CEDIDAS NO INSTITUTO CONCEPCION ARENAL.

O 3 de outubro de 1963 ás 17 horas celébrase o claustro constitutivo do "Instituto Femenino", ao que asistiron 18 profesores.

A súa primeira directora foi María del Carmen Pinto Viéitez.

Este primeiro ano organizáronse os seguintes grupos de bacharelato : 1ª, 1B, 2ª, 2B, 3A, 3B, 4A, 4B, 5º, 6º E CURSO PREUNIVERSITARIO. O acceso a bacharelato era mediante unha Proba de Ingreso. Ao final de 4º e 6º había unha reválida.

Durante este primeiro curso, as clases foron impartidas en aulas cedidas polo instituto masculino Concepción Arenal.

Durante o curso 64-65 as clases serán nun novo pavillón, anexo ao instituto Concepción Arenal e contará tamén cun comedor. Hai que ter en conta que nestes anos eran moitas as alumnas que se desprazaban a estudar a Ferrol desde distintos puntos da bisbarra e precisaban quedar a comer para asistir ás clases de pola tarde.

O horario de clases era de catro horas lectivas pola mañá, cun recreo de media hora, e de dúas pola tarde, os cinco días da semana.

Estes anos son de enormes dificultades por carencia de espazo e material escolar (chegaron a pedirse ao Concello cadeiras das que se empregaban para espectáculos). Daquela o número de alumnos por aula podía ser duns 40 ou 50.

As actividades culturais foron unha constante na vida do Centro, rapidamente se organizaron conferencias, audicións musicais, unha revista mensual, "Alborada", viaxe de Fin de Curso, Día do Libro…(mesmo tamén se participaba en "Ejercicios Espirituales"). O claustro acorda a subscrición a xornais tan importantes como THE TIMES, THE LISTENER, LE FIGARO, ABC E CORREO GALLEGO.

Unha comisión de profesores fai un seguimento das obras no novo centro que se está a edificar no barrio do Pilar (Recimil).

EU ESTUDEI NO SOFIA CASANOVA.

Cando comecei a recompilar datos sobre o Sofía Casanova, fixeime nun feito que para min cobrou enorme importancia: **O Sofía Casanova foi o primeiro instituto feminino de Ferrol.** Por fin a muller contaba cun espazo físico de seu e de carácter público, onde poder realizar uns estudos de nivel medio e superior, que en moitos casos continuarían na Universidade.Desta maneira, unha cidade como Ferrol, maioritariamente obreira, podía ofrecer á muller unha formación, fóra do ámbito do ensino privado. Esta formación abriu novas perspectivas para a muller e mudou substancialmente o papel desta na sociedade de finais dos século XX.

Unha charla coa profesora e compañeira María José Rodríguez Bouza, axudoume a esclarecer este momento tan interesante e de cambios tan importante para a muller e ,en consecuencia, para toda a sociedade. Penso se as rapazas daquel tempo eran conscientes dos cambios que estaba iniciando…

-Por que as rapazas novas daquel tempo estudaban, que esperaban dos seus estudos, eran conscientes dos cambios das que eran protagonistas?

-As rapazas comezaban a estudar con 10 anos e eran moi novas para ser conscientes do que facían. Estudaban obrigadas polos país, era moi sacrificado, tanto para os pais como para elas. De momento non pensaban máis ca en estudar, de maior xa seguirías unha vocación. Pero cando empezabas a estudar era , en realidade, un mérito dos país, que eran conscientes de que estudar permitiría ás súas fillas unhas oportunidades que eles non tiveron.

-A finais dos 60 e 70 chegou a clase media á universidade. De que clase social eran as túas compañeiras?

Non medio rural só as que pertencían a unha clase acomodada, que eran unha minoría,podían facer máis estudos ca os primarios, isto no medio rural. Nunha cidade pequena como Ferrol,accedía aos estudos tamén a clase media, aínda que moitos estudaban na privada e outros ían a Madrid.

Logo de complicadas xestións por parte das autoridades españolas e de vivir unha odisea, Sofía Casanova puido saír de Rusia e reunirse coa súa familia en Varsovia en 1918, en medio dunha Europa desolada pola guerra. Sofía encontrou a súa familia polaca arrasada : dous irmáns do seu marido foran executados polos rusos. Sofía Casanova desde aquela volveríase unha furiosa inimiga do réxime soviético, o que lle acarreou enormes simpatías por parte dos sectores conservadores da sociedade española, lectores e seguidores das súas crónicas en ABC.Por iso na súa visita a España e á Coruña tivo un recibimento apoteósico. A través do seu irmán, que se movía no mundo do xornalismo da capital, Sofía Casanova fixo chegar as súas crónicas .Son resultado das vivencias destes anos obras como "De la guerra"de 1916, "De la revolución rusa" de 1917 ou La revolución bolchevista de 1920. O seu posicionamento anticomunista foise radicalizando cada vez máis e achegando a Sofía Casanova aos réximes autoritarios que estaban a xurdir na Europa de entreguerras. Durante a Guerra Civil española, Sofía Casanova residía en Polonia pero contaba coas simpatías de Franco e con el chegou a entrevistarse en Madrid.

A segunda Guerra Mundial volveu coller a Sofía Casanova moi preto das frontes de guerra. Sofía, instalada en Polonia ,padeceu primeiro a invasión dos nazis e despois a invasión do exercito soviético. Continuaba enviando crónicas a España, baixo a sospeita de ser espía a favor do réxime de Franco. Pasada a guerra, Sofía viviu aínda ata 1958, ano en que morreu en casa da súa filla menor en Poznan ,vencida totalmente pola desilusión e a desesperanza, logo de vivir as maiores atrocidades do século XX.

SABIAS QUE

SOFIA CASANOVA XUNTO Á SÚA INSEPARABLE PEPIÑA ENTREVISTOU PARA ABC A TROSKY NA SÉ DO GOBERNO POPULAR.



TROSKI E LENIN : LIDERES DA REVOLUCIÓN RUSA

CARLOS BÉRTALO CASCALLAR ,ANTÍA ANEIROS MORADO, TOMÁS LOSADA GARCÍA, MARÍA RODRIGUEZ BRAÑAS, NA ACTUALIDADE ALUMNOS DE 2ºC, CONTÁRONME AS MELLORES ANÉCDOTAS DESTA BIOGRAFÍA. CONTEI, COMO NON,CO MATERIAL BIBLIOGRÁFICO FORNECIDO POLOS TRABALLOS DA PROFESORA E ANTIGA COMPAÑEIRA,Mª ROSARIO MARTÍNEZ, ESTUDOSA DA VIDA E OBRA DE SOFÍA CASANOVA.

1967: CAMBIO DE UBICACIÓN:NOVO EDIFICIO NO BARRIO DE RECIMIL.

O cambio ao novo centro –o de ubicación actual- produciuse oficialmente o 20 de xaneiro de 1967, era daquela director don José Manteiga Pedrares.

O cambio foi obrigadamente precipitado e, tal como recollen as actas, son tantas as carencias que o claustro se amosa "inquieto e preocupado". Entre outras deficiencias cítase: ausencia de accesos adecuados e de iluminación, o Centro non dispón de calefacción porque Fenosa non instalou o transformador necesario, as proximidades do Centro son totalmente insalubres, a proximidade dunha Academia de Condutores fai perigosos os accesos, o instituto carece de biblioteca, cociña…

Todas estas circunstancias levan ao claustro a elaborar un informe e a establecer contacto cos organismos pertinentes, expresando que está disposto a "tomar medidas extremas a favor de los alumnos".

No curso 68-69 baixo a dirección de Alba Nélida Paz Framil continúan as demandas do centro, centradas nas melloras dun edificio que estaba , segundo palabras do claustro" a medio construír". Estas carencias non impiden que se celebre con toda solemnidade o comezo de curso, con asistencia do Rector da Universidade de Santiago.

O 21 de outubro de 1969 a directora notifica ao claustro a comunicación da superioridade pola que o centro pasa a denominarse **Instituto Camilo Alonso Veg**a. O 1º de decembro faise a entrega oficial do edificio por parte do Arquitecto Construtor e do Interventor de Facenda, sen que ningún membro do Instituto sexa convidado ao acto.



1970: CARA A GRANDES CAMBIOS.

Comeza a década dos 70 cunha crecente atención aos cambios na metodoloxía e pedagoxía, tal como se expresa nos sucesivos claustros, nos que se ofrecen aos profesores cursos de sistemas e técnicas educativas, que son seguidos con interese. Os profesores son conscientes das "**diferencias entre la educación tradicional y la renovada: cambio absoluto de mentalidad y procedimientos, motivación sen obviar el control de la disciplina, conocimiento del alumno y comunicación con el alumno, revisar las técnicas de aprendizaje sin olvidar la autodisciplina"**

"O profesor ha de concebir el trabajo diario no como una rutina aburrida, sino como un medio de desarrollo de la propia personalidad que se completa y enriquece en la lucha diaria por la superación a nivel profesional y humano al comprender mejor al alumno, al hacerse asequible y ameno a los alumnos y al sentirse por ellos más estimado y respetado". Acta de claustro de 2 marzo de 1970.



Outra das preocupacións constantes nestes anos é a habilitación total do Centro, así como as melloras nos accesos ao Instituto. Durante o ano 70-71 habilítase a Aula Biblioteca e a Sala de Traballo para profesores. No curso71-72 foi expropiado a patio de deportes do centro (uns 1850m.) No curso 73-74 continuaron as peticións de obras e melloras: obras de reparación no tellado, demanda dun campo de deportes…

Continua a intensa actividade cultural, que se plasma en actividades teatrais, concurso de "encerados"-consistía na pintura dunha postal de Nadal nas pizarras das aulas-concurso de vilancicos, concurso literario pola festa de Santo Tomás de Aquino, Día da árbore… Cómpre recordar o traballo da profesora Eva Campo á fronte do grupo de teatro, con estreas tan soadas como El sueño de una noche de verano, Don Hamlet, La casa de Bernarda Alba, El retablo de las maravillas...

Durante estes anos tamén se realizaron recadacións para a axuda solidaria a distintas institucións da cidade.

Como anécdotas deste tempo pódese comentar a proposta de adquirir togas para os profesores para empregar nos actos oficiais, a comunicación do Ministerio de Educación y Ciencia indicando a obrigatoriedade de izar a bandeira nacional todos os días na entrada do Instituto, a indicación do director de que o claustro debe poñerse en pé ao entrar a Xunta Directiva.

SOFÍA DE ENFERMEIRA DURANTE A GUERRA

Ao chegar o verán de 1914, Sofía volveu a Polonia, xunto ás súas fillas, a maior delas xa casada.Ao comezo da 1ª Guerra Mundial sorprendeuna en Drozdowo, moi cerca da fronte de batalla. Alí púxose a disposición da Cruz Vermella para traballar no hospital que na liña de ferrocarril Varsovia- Viena atendía aos soldados feridos na fronte. Neste o seu primeiro contacto coa guerra, a posición de Sofïa Casanova era máis que nada pacifista.Desde a súa posición estaba en estreito contacto coa dor humana a través dos soldados feridos que chegaban da fronte de guerra. Pero estes soldados tamén a fornecían dunha información privilexiada: os movementos tácticos,o decorrer dos acontecementos , os movementos de tropas nunha fronte tan estratéxica , ao tempo que tan dura, como era a fronte oriental: unha información valiosísima. A partir de 1915 o xornal ABC deuse conta de que Sofía Casanova podía ser un excelente corresponsal de guerra, pois coñecía tanto Rusia como Polonia e dominaba a lingua. Con esta información comezou o labor de Sofía Casanova como cronista de guerra, labor que se prolongaría coas súas crónicas a ABC ata o ano 1944. As crónicas de Sofía Casanova eran totalmente distintas ás dos seus colegas masculinos e cun enfoque próximo ao moderno xornalismo. As crónicas de Sofía Casanova non informaban tanto de tácticas bélicas como do sufrimento da poboación civil, desde as súas crónicas clamou pola paz e denunciou a brutalidade dos dous exércitos e os intereses egoístas das potencias enfrontadas no conflito. A súa integración na sociedade que sufría a guerra, convertíaa en testemuña á vez que vítima da loucura da guerra.Cando Varsovia foi evacuada, Sofía , que seguía exercendo o seu labor humanitario, acompañou a poboación civil refuxiada en Rusia e sufriu con ela as enfermidades, o frío , a fame e as desgrazas .

Viviu en Moscova coa súa familia entre numerosas penalidades ata un novo traslado, esta vez a San Petersburgo, sé do goberno e residencia do Zar e a súa familia. Foi nesta cidade rusa onde comezaron os acontecementos prerevolucionarios e estoupou despois a revolución. Sofía Casanova continuaba escribindo crónicas para o ABC .Así informou do asasinato de Rasputín en 1916 e despois, nos anos da revolución, debeu burlar censura e bloqueos para informar da revolución rusa desde dentro.

Grazas a estas crónicas en España puideron coñecerse en España os confusos acontecementos da Revolución Rusa. A corresponsal dende o palco do parlamento ruso asistía ás polémicas sesións da Duma, o parlamento, na época prerrevolucionaria.Pero ademais disto, podía informar tamén da vida da poboación civil, da vida a pé de rúa, das mobilizacións, das distintas faccións en loita. Neste clima de enorme axitación Sofía Casanova chegou a entrevistarse cun dos líderes da Revolución Rusa.

A DESTRUCION DA GUERRA

O matrimonio instalouse en Mera (Oleiros) onde ficaría durante dous anos. Nesta estadía Sofía compuxo un poema elexíaco "Yadwiga" e recuperou vellas amizades: Emilia Pardo Bazán, Filomena Dato ou Eugenio Aldao, que a recibiu na Tertulia da librería Rexional, a chamada Cova Céltica.

Durante o tempo no que Sofía e a familia ficaron en Mera, recibiron a escritores, artistas, poetas polacos e asistiron aos debates e proxectos dos rexionalistas encabezados por Manuel Murguía, o esposo de Rosalía de Castro. Os Lutoslawski sentíanse moi próximos ao proxecto rexionalista para Galicia ,posto que Polonia tamén estaba en loita pola súa identidade e pola defensa da súa lingua.

En Mera naceu o derradeiro fillo do matrimonio, novamente unha rapaza. Sofía colleu para o coidado desta nena a Josefa Lopez Calvo, Pepiña, quen pasou directamente de falar galego a falar polaco e que se convertería en compañeira inseparable da escritora e un exemplo de servizo e fidelidade ata o final dos seus días.

Logo desta estadía en Mera, o matrimonio volve a Polonia e instálase en Cracovia, onde Wincenty exerce de profesor. Naquel momento Cracovia era o autentico foco de cultura autóctona onde se toleraba o emprego do idioma polaco, que era perseguido noutras rexións dunha Polonia desmembrada. A casa dos Lutoslawski era o centro de reunión de pintores, escritores, artistas e intelectuais que impulsaban o florecemento dunha Polonia libre. Logo dun tempo o matrimonio instalouse en Varsovia, pero a ruptura matrimonial era xa un feito insalvable, polo que Sofía Casanova pasou a instalarse en Madrid, onde continuou un intenso labor cultural. Alí estableceu a súa propia tertulia na que eran asiduos Basilio Álvarez, Alfredo Vicetti, Castelao, Alberto Insua, Ramón y Cajal. Foron anos frutíferos en creatividade literaria: novelas curtas, poemas...

SOFÍA CASANOVA NOS SALÓNS LITERARIOS DE MADRID.

CASA DE SOFÍA CASANOVA EN MERA.

SABÍAS QUE

A CASA DOS LUTOSLAWSKI EN MERA SE CONVERTEU EN CENTRO DE REUNIÓN DOS PECULIARES AMIGOS DE WINCENTY,CHEGADOS DE TODO O MUNDO E QUE, ENTRE OUTRAS CURIOSIDADES, PRACTICABAN O NUDISMO NA PRAIA DE MERA.

SABIAS QUE NESTES ANOS EN MADRID SOFIA CASANOVA FOI AMIGA DA RAIÑA MARIA CRISTINA DE ABSBURGO E QUE COMEZOU A COLABORAR CON ELA EN PROXECTOS RELACIONADOS COA HIXIENE E A SAÚDE.

Nestes anos os Equipos Directivos non son elixidos por votación e o papel do claustro é unicamente consultivo. Isto provoca que o claustro exprese con frecuencia a necesidade de cambios, dunha maior participación: " ya que verbalmente no hay libertad de opinión". A comezo do curso 72-73 é elixido director D. Jaime Rodríguez Gómez e Xefe de Estudos dona Elena Jorge.

Víñase contemplando no claustro a necesidade dunha Asociación de Pais de Familia. Durante o curso 73-74 organízase definitivamente e bota a andar a Asociación de País: en primeiro lugar recíbese permiso da Delegación de Educación para poñer en marcha esta asociación e o director e un grupo de profesores elabora os estatutos para esta. O 2 de xuño de 1974 reúnese por primeira vez a **Asamblea General de la Asociación de Padres de Familia** para aprobar os estatutos.

Durante o curso 74-75 a situación laboral de varios profesores contratados leva a estes a realizar un paro, un dos primeiros paros que se deberon realizar neste centro.

O decreto de 13 febreiro de 1975 aproba un novo plan educativo: o Bacharelato Unificado Polivalente, de 3 cursos, ao que segue o COU (curso de Acceso á Universidade) que de forma experimental se viña impartindo neste centro desde o curso 71-72 .

1976: NOVOS TEMPOS. NOVAS NECESIDADES: O BACHARELATO UNIFICADO POLIVALENTE.

Comeza o curso 76-77 co reto de afrontar mudanzas que afectan tanto aos Programas Educativos, a implantación de BUP, como á propia organización do Centro, que debe dotarse de nova regulamentación. O Ministerio de Educación e Ciencia está a elaborar propostas para a xestión democrática dos centros educativos, entre as que están as normas relativas á elección do Director:

" para la mejora de la enseñanza se precisa un sistema de gestión que garantice sin exclusividades ni privilegios la participación activa de todos los estamentos en la labor educativa". Neste curso 76-77 é elixido un novo director: Don Angel Teijeiro Fraga, con continuidade de Elena Jorge como Xefe de Estudos. Na súa toma de posesión, o novo Director expresa as pautas coas que quere orientar o seu mandato : **" la organización interna del centro debe ser una gestión de todos y, con la participación de las alumnas,el equipo directivo debe ser un mero gestor de lo que el claustro indique".**

Neste ano comeza tamén a impartirse no centro o INBAD – bacharelato a distancia- que coordina don Rogelio Fernández.O novo espírito fai que sexa necesario delimitar as competencias de distintos organismos do centro, como a Comisión de Delegadas de curso, o papel da Asociación de Pais… A súa participación na vida do Centro segue estando limitada por lei, pero as demandas de maior participación son constantes. O instituto tamén debe abordar a elaboración dunhas Normas de Réxime Interno.O crecente interese pola lingua galega leva á organización no centro de cursos de lingua e literatura, así como á celebración neste curso 76-77 da semana da Cultura Galega, do 16 ao 21 de maio.

Nestes momentos, o Centro conta xa, de acordo coas asistencias a claustros, cuns 46 profesores de distintas categorías académicas; numerarios e contratados ou non numerarios. A situación laboral destes últimos pasa por bastantes problemas , o que os leva nalgunhas ocasións a ter que realizar paros.A pesar dos indubidables esforzos, o novo director resume este curso textualmente de “auténtico desastre” polo numero de clases perdidas, o incumprimento de deberes, desorde, situación económica precaria, falta de normas de actuación...O director pide a colaboración de todos para solucionar os erros xurdidos.No curso 77-78 aumenta tanto a matrícula que as aulas resultan insuficientes. Tamén este curso comezan as obras dunha pista polideportiva.Os cambios na lexislación educativa, esixen unha reorganización normativa e organizativa, por exemplo, é urxente a elaboración dun Regulamento de Réxime Interno do Centro. Tamén cómpre elaborar dentro da legalidade vixente canles para a participación de pais , alumnos e profesores na vida do Centro.Con respecto ao acceso á Universidade, logo da implantación do curso de COU, establécense unhas Probas de Acceso á Universidade, obrigatorias a partir deste curso. Nos primeiros anos de implantación, estas probas foron moi contestadas polos alumnos. A lingua galega vai introducíndose pouco a pouco no ensino. En primeiro lugar, mediante cursos de lingua e literatura impartidos no propio centro, así como a través de xornadas das Letras galegas que comezan nestes anos. Neste curso o Instituto Nacional de Bachillerato envía un informe referente ao emprego do galego no ensino que é aprobado por maioría dos claustrais.

Sofía Casanova comezou a ser moi coñecida nos ambientes literarios de Madrid. Acudía á escola de Declamación e chegou a ser invitada a recitar no Palacio Real.Por esta razón, Campoamor enviou a casa de Sofía Casanova a un estudante polaco interesado no estudo do pesimismo da poesía española : tratábase de Wicenty Lutoslawski . Ela dedicoulle o seu libro de Poesías

O mozo polaco era un nobre polaco, químico e licenciado en filosofía. Sofía quedou sorprendida e confundida ante este namorado de asombroso talento, cultura, ideais, dominio de idiomas e coñecedor do mundo polas súas amplas viaxes polo mundo.

En 1887 casaron polo que Sofía se converteu en súbdita do Zar de Rusia, que daquela dominaba parte de Polonia, e marcha o seu esposo a facerse cargo do enorme latifundio da familia deste esposo nas beiras do río Narew.

Pronto comezou a súa pelegrinaxe por toda Europa seguindo ao seu marido. Primeiro viviu en Estonia, onde naceu a súa primeira filla. Despois en Moscova, onde naceu a segunda, máis tarde viviu a familia en Londres, para pasar despois a Kazán, na rexión rusa de Tartaria, xa que o seu esposo foi nomeado profesor daquela universidade. En Kazán naceu a súa terceira filla. As esperanzas de Lutoslawski de ser pai dun varón que habería de redimir a Polonia víanse cada vez máis lonxanas e isto afectou ás relacións da parella.

Nestes anos Sofia continuo o seu labor de escritora e publicou un libro de poemas: Fugaces, unha novela: El doctor Wolski e un libro de relatos de viaxes: Sobre el Volga helado. A morte da súa filla menor causou en Sofia unha enorme crise persoal que determinou que Sofía volvera a Galicia en busca de paz en 1896.

SABIAS QUE

CANDO WICENTY LUTOSLAWSKI. RECIBIU DE SOFIA O SEU LIBRO DE POEMAS ESCRIBIU NEL EN POLACO: ESTA MULLER SERÁ A MIÑA ESPOSA.

SABÍAS QUE

O POETA NACIONAL POLACO MICKIEWICK ESCRIBIRA UN DRAMA NO QUE SE ANUNCIABA QUE O SALVADOR DE POLONIA HABERÍA DE SER UN VARÓN NACIDO DE NAI ESTRANXEIRA E QUE LUTOSLAWSKI INTERPRETOU QUE A PROFECÍA HABERÍA DE CUMPRIRSE COA SÚA VODA CON SOFIA CASANOVA.

SABIAS QUE

O ESPOSO DE SOFÍA CASANOVA ERA DE CARÁCTER MOI CAMBIANTE E QUE PASABA DO AMOR AO ODIO E Á INDIFERENCIA, O QUE SOFIA DEU EN CHAMAR “UNS CARIÑOS NERVIOSOS”.

AS INFIDELIDADES DO ESPOSO COMEZARON XA NOS PRIMEIROS ANOS DO MATRIMONIO.

SABIAS QUE A MORTE DESTA FILLA TIVO MOITO QUE VER COAS EXCENTRICIDADES DO PAI, QUE EN LUGAR DE ACUDIR AOS MÉDICOS PRETENDEU CURAR A NENA CON MÉTODOS NATURAIS COMO A IMPOSICIÓN DE MANS.

Nacida na Coruña en 1861 e morta en Poznan , Polonia ,en 1958 foi testemuña directa de todos os acontecementos históricos desenvolvidos en Europa nestes anos e que foron fundamentais nas transformacións do continente. A súa figura non pode entenderse de forma independente deses acontecementos que conformaron a súa persona-lidade e ideoloxía.

O seu nacemento foi, como dixemos ,na Coruña, na rúa Espoz y Mina, hoxe rúa San Andrés, o 30 de setembro de 1861. O seu segundo fogar foi en Almeiras, parroquia próxima á ría do Burgo ,que se convertería para ela no seu paraíso perdido. Sofía tivo outros dous irmáns varóns.

Unha circunstancia familiar marcaría a infancia de Sofía e os seus dous irmáns: seu pai deixou un día o fogar para embarcarse cara a América, nunca volveron saber del.

A marcha de Sofía a Madrid, onde vivirá co seu avó nun modesto piso, de reducidas dimensións, aumentou a súa nostalxia de Galicia e reforzaron os idílicos recordos.Este avó materno era un militar ferrolán, familia de Ramón Pla y Cancela, o marqués de Amboaxe.

O avó morreu cando Sofía contaba con 15 anos e a rapaza continuou os seus estudos en Madrid, protexida polo conde de Andino- mariño e poeta de orixe ferrolá, colaborador do rei Alfonso XII. Sofía foi introducida nos ambientes literarios de Madrid xunto ao marqués de Valmar, Campoamor e Nunez de Arce, e nestes círculos formouse literariamente. O Rei costearía a publicación do seu primeiro libro de poemas Poesías en 1885. Nestes poemas Sofía descríbese a si mesma coma unha moza triste e melancólica

SABÍAS QUE …

SOFÍA CASANOVA VIVIU ATA OS 97 ANOS…!

O PAI DE SOFIA EMBARCOU A AMÉRICA NUN BARCO QUE NAUFRAGOU, PERO AO INVESTIGAR OS FEITOS VIRON QUE ESTE NON FIGURABA NA LISTA DE PASAXEIROS…O SÚA DESAPARICIÓN FICOU COMA UN MISTERIO SEN RESOLVER.

O PAI DE SOFÍA ERA LITOGRAFO (IMPRESOR) E PUBLICOU TRABALLOS EN **El álbum de la Caridad.**

O AVÓ DE SOFÍA ERA MARIÑO E COÑECEU A SÚA MULLER EN NOVA ORLEÁNS, ESTA ERA HOLANDESA.

SOFIA CASANOVA NACEU SEN ESTAR OS PAIS CASADOS…NON SABEMOS SE FOI PORQUE OS DOCUMENTOS NECESARIOS PARA A VODA NON DABAN CHEGADO DE AMÉRICA OU PORQUE OS PAIS SE OPUÑAN Á VODA.

A NAI DE SOFÍA CASANOVA DEBEU SER UNHA MULLER MOI EMPRENDEDORA PARA O SEU TEMPO …..DESDE A CORUÑA ORGANIZOU UN NEGOCIO DE EXPORTACIÓN DE OVOS.

O REI ALFONSO XII COSTEOU A PUBLICACIÓN DO PRIMEIRO LIBRO DE POEMAS DE SOFÍA CASANOVA POESÍAS EN 1885.

A PROPIA SOFIA CASANOVA DEFINÍASE COMO *CANARIO DE SALÓN*

A finais deste curso 77-78 discútese en claustro a posibilidade de que o Centro pase a ser mixto, así como un cambio de nome para o instituto.

No curso 78-79 continúa aumentando a matrícula no Centro, polo que tanto o número de aulas como o de profesores- aproximadamente uns 60- resulta insuficiente. Isto fai necesario habilitar provisionalmente como aulas a biblioteca, o laboratorio, capela e Salón de Actos e o comezo das clases debe adiarse. Tamén é necesario reorganizar a biblioteca, que se acha textualmente " diezmada" e dotar a pista polideportiva.

As alumnas por iniciativa propia crean unha **Comisión de Cultura** que organiza talleres dirixidos polas propias alumnas nas que se imparte teatro, mimo, fotografía, deportes, conferencias, festivais e excursions...

Esta situación tan precaria, que continúa en cursos posteriores -curso 79-80- leva aos claustrais a considerar un peche no Centro se non se atenden as súas reivindicacións. A isto únese a situación laboral dalgúns profesores contratados que non perciben os seus haberes e se ven obrigados a ir á folga.

Continúa a elaboración de normativa interna, acorde coa nova lexislación educativa. Durante o curso 80-81 un Real Decreto regula o procedemento de constitución de órganos colexiados, que regulan o funcionamento dun Consejo de Dirección e unha Junta Económica nos centros educativos.

Como anécdota, recordamos que o claustro acorda que queda prohibido fumar nas aulas

83-84-85 IMPORTANTES CAMBIOS:

O INSTITUTO FEMININO "CAMILO ALONSO VEGA" PASA A DENOMINARSE : SOFÍA CASANOVA.

O INSTITUTO PASA DE SER FEMININO A SER MIXTO.

No curso 83-84 repítense as votacións favorables a que o Centro se converta nun instituto mixto. Así sucede en 1985 no que o **DOGA 20 marzo 85 recoñece a conversión do centro en mixto.**

Con respecto a un novo nome para o centro, este tema é tratado en distintos claustros. Discútense varias propostas: Instituto del Pilar, Instituto Mixto, Sofía Casanova, Fernando Esquío, Sánchez Bort, Benito Vicetto, Máximo Ramos, Carballo Calero...Finalmente, o claustro do **20 de abril de 1985 recolle xa o novo nome oficial : Instituto Sofía Casanova.**

Outra novidade: **a acta de claustro do 23 de xuño é redactada por primeira vez en lingua galega,** que é recoñecida legalmente como lingua vehicular do ensino en Galicia.

Ana Romero é a directora nestes anos e o Xefe de Estudos Juan del Valle. Este presentará en claustro para discusión o Anteproxecto de Réxime Interno.

Durante o curso 85-86, paralelamente ao B.U.P. comeza a impartirse o **Bacharelato Experimental**, no que se probarán novos métodos didácticos.

O decreto10/1986 establece os novos órganos de goberno dos centros educativos:

- unipersoais: director, secretario, xefe de estudos, vicedirector e vicesecretario.

- colexiados: Consello Escolar e Claustro de profesores.

É elixido un novo equipo directivo, con Juan Rodríguez Silvar, como director, e Xosé Meizoso, como Xefe de Estudos.

O 1º Consello Escolar do Sofía Casanova estivo constituído por José Graña, Luís Puig, Elena Jorge, Alberto Sucasas, José Pose, Victor Abad Antonio Fernández e Pedro Rodríguez Paz.

No curso 87- 88 comezan as obras para aumentar a capacidade do centro, como resultado destas, o centro contará cun **novo bar na entrada do instituto.**

Ano 89-90 comeza a funcionar o **Gabinete de Orientación Pedagóxica**, que organizará en particular a recepción de alumnos ao principio de curso e as reunións dos titores cos país.

SOFÍA CASANOVA

A TRAXEDIA DE EUROPA FEITA PALABRA



Desde o curso 2004-05, o Centro viña solicitando participar na convocatoria de Fomento das Bibliotecas Escolares.Non foi ata o ano 2013 cando se concedeu ao centro a participación no PLAMBE: Plan de mellora de Bibliotecas escolares, e procedeuse á renovación de moblaxe, organización e informatización da biblioteca, co a coordinación de Ana Seco.

As obras durante estes anos foron numerosas, nalgúns casos de mantemento- pintura, alicatado, renovación da Sala de Profesores…-outros de maior calado, como as reformas no Salón de Actos- no ano 2000 cambiouse o chan, nos anos 2012-2014 o tellado. Outra obra importante foi, ademais do patio cuberto, a construción dun ximnasio exterior, obras que comezaron no 2007 e que estarían listas no curso 2010-2011.

Desde o primeiro momento detectaronse neste novo ximnasio numerosas deficiencias relativas á ventilación altura, calefacción, condensación…

A estas obras uníronse as derivadas da urbanización da Avenida de Esteiro,a construcción do Parque do Pilar, do edificio do Cefore, do Tanque de Tormentas…obras que afectan aos cerramentos do instituto e ao contorno do edificio.

O ultimo gran cambio chegou de forma sorpresiva a finais do curso 2011, cando se comunicou o acordo da Conselleria de trasladar os grupos de ESO e Bacharelato do IES Ferrolterra ao Sofía Casanova e o traslado dos Ciclos Formativos do Sofía Casanova a outros centros.

Durante o curso 91-92 comezan a funcionar os **Equipos de Normalización Lingüística,** que desde esta data traballarán pola aplicación ao ensino da lexislación sobre a lingua galega.

As obras de urbanización da Avenida de Esteiro afectan aos accesos e cerramentos do Instituto. O incumprimento das compromisos adquiridos, en particular os relativos a accesos, leva a realizar xornadas de folga durante o curso 95-96.

Outras novidades producidas nestes anos anteriores á implantación do ESO –curso 96-97- son o cese do Bacharelato Experimental durante o curso 91-92. Os novos procedementos de elección de director son tema recorrente de discusión nos claustros. Neste período os directores son elixidos por un ano. Ocuparon este cargo Elena Jorge, Guillermo Llorca, e Ramón Rico

CURSO 96-97 : IMPLANTACIÓN DA ESO

A implantación do ESO no Sofía Casanova obriga a unha fonda reestruturación.

En primeiro lugar, foi necesaria a adscrición dos docentes a un centro educativo e como resultado desta adscrición perdéronse postos de traballo de profesores que ata entón tiñan praza en propiedade neste instituto. Outra novidade foi a incorporación de mestres nos primeiros cursos da ESO, que procedían dos centros de Ponzos e Esteiro.

A implantación da ESO obrigou tamén a abordar e organizar aspectos novos como a Atención á Diversidade e as oportunas medidas de Apoio e Reforzo, así co os Programas de Diversificación Curricular. A medida que se foron incorporando novos cursos, foi necesario, non só habilitar novas aulas, senón determinar as materias optativas, os itinerarios, os novos bacharelatos…

Ademais de documentos lexislativos, a nova situación foi esixindo unha revisión constante de normas de convivencia e disciplina para adaptarse a situación novas: saídas do centro nos recreos, regulación de emprego de móbiles. Foi necesaria a instalación de cámaras de seguridade, así como a elaboración dun Plan de Evacuación de Centro, dentro dun programa xeral de autoprotección, impartido por Protección Civil (curso 2001-2002

Os sucesivos Equipos Directivos a partir do ano 96 deberon abordar a necesidade dunha maior coordinación docente.Esta coordinación obrigaba á elaboración de documentos básicos como o Proxecto Educativo do Centro.

Os distintos directores durante esta etapa – Román Bravo e Juan Rodríguez Silvar- xunto co Consello Escolar e a Comisión de Coordinación Pedagóxica traballaron desde aquela na elaboración destes documentos. Durante o curso 2012-13 organizouse unha Aula de Convivencia e durante o curso 2013-14 traballouse na elaboración dun Plan de Convivencia.

Como resultado da reforma educativa derivada da ESO, no Sofía Casanova impartíronse, a partir do curso 99-2000, Ciclos Formativos, en concreto os de Educación Infantil e o de Turismo, o que obrigou a habilitar novas aulas nun centro que estaba xa ao máximo da súa capacidade.

A partir do ano 2000 a informatización do Sofía Casanova foi unha constante. Isto obrigou á formación dos docentes para poder integrarse no Plan Abalar. A pesar das carencias e deficiencias do sistema, a informatización achegou moitas facilidades e axilidade á comunicación cos país- cualificacións, control de faltas…Pronto aparecerá a páxina Web do Centro e o Sofía Casanova participará en plans de fomento de emprego das TICS.

No curso 2006-07 apróbase a participación do Centro no programa dunha Sección Bilingüe na que participan os departamentos de inglés e física e química. Posteriormente integrarase á sección bilingüe o departamento de Plástica- curso 14-15.

No curso 2007-08 , o Decreto de Plurilingüismo establece unha nova regulación sobre o emprego da lingua galega no ensino. Este documento encomenda á CCP e ao Claustro a determinar as materias a impartir en bacharelato en lingua galega, para acadar, de acordo coa lei, un mínimo de 50% das materias impartidas en lingua galega.